



---

**PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS  
COVID-19**

**TENDAS DE COMERCIO XUSTO**

**SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA**

---



## OBXECTIVO

- Garantir a seguridade das persoas traballadoras e voluntarias
- Garantir a seguridade dos clientes fronte ao COVID-19
- Trasladar á sociedade o compromiso da nosa entidade coa seguridade colectiva


## ANTES DE IR AO TRABALLO

- Sempre que podas, emprega as opcións de mobilidade que mellor garantan a distancia interpersonal de aproximadamente 2 metros.
- Se vas ao traballo andando, en bicicleta ou moto non é necesario que leves máscara, sempre e cando podas manter a distancia de seguridade
- Garda a distancia de seguridade cando o fagas camiñando pola rúa.
- Se te tes que desprazar nun turismo, extrema as medidas de limpeza do vehículo e evita que viaxe máis dunha persoa por cada fila de asentos, mantendo a maior distancia posible entre os ocupantes.
- Si colles un taxi ou un VTC, solo debe viaxar unha persoa por cada fila de asentos, mantendo a maior distancia posible entre os ocupantes.
- Non vayas traballar con febre, con síntomas respiratorios ou se tiveches contacto próximo cunha persoa infectada.



## DISTANCIA DE SEGURIDADE

- Controlarase o aforo no comercio en función das súas dimensións para garantir a distancia de seguridade de 2 metros no interior. No caso das tendas de SIG establecerase un aforo máximo dunha persoa. No caso concreto da tenda de Ourense comunicarase a apertura unicamente do espazo comercial.
- Sinalizarase o chan mediante cintas adhesivas que indiquen distancias mínimas entre a clientela e a traballadora.
- Establecerase coma horario de atención preferente para as persoas maiores de 65 anos entre as 11:00 e as 12:00 horas en horario de mañá e as 19:00 e as 20:00 horas en horario de tarde.



- Organizarase a entrada da clientela por quendas e se fomentará a distancia estipulada durante a espera.
- Habilitarase un percorrido de entrada e saída coa finalidade de dirixir o fluxo das persoas no comercio e así evitar o contacto.
- Instalaranse pantallas de metacrilato de fácil limpeza e desinfección nos mostradores.
- Fomentarase o comercio online con servizo de entrega a domicilio e habilitaranse servizos de recollida no comercio.
- Fomentarase o pago por medios electrónicos (tarxeta ou móbil).

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS NO CENTRO DE TRABAJO

- Informarase e formarase aos traballadores sobre a propagación do coronavirus e os riscos do contaxio, con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas de prevención e protección adoptadas.
- Colocaranse carteis en zonas visibles do comercio que advirtan á clientela sobre as medidas preventivas establecidas polas autoridades sanitarias e sobre a súa obriga de cooperar.
- Garantirase o subministro de material de protección suficiente, como luvas desbotables e máscaras, para o persoal traballador.



## HIXIENE E LIMPEZA

- Disporase de produtos para a hixiene de mans (xabón, solucións hidroalcohólicas e panos desbotables) e para a limpeza e desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados).
- Promoveranse o lavado frecuente de mans entre o persoal traballador. O uso de luvas non deberá substituír a hixiene das mans.
- Facilitaranse solucións hidroalcohólicas á clientela e o seu uso será obrigatorio en cada entrada e saída.
- Instalaranse barreiras físicas sobre os mostradores.



- Solicitarase á clientela que, na medida do posible, non manipule os artigos. Estes serán facilitados polas traballadoras.
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitarase igualmente cando se usen luvas e máscara.
- Cubriranse as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotarase de xeito adecuado nas papeleiras habilitadas para tal fin.
- Evitarase compartir material de traballo como ordenadores, lectores de código, etiquetadoras e outros, sen limpalos previamente.
- Reforzaranse as tarefas de limpeza e desinfección do local e das superficies que se tocan máis (mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, aseos, etc.). Limparase a área de traballo cando hai cambios de persoal e ao finalizar a xornada. Empregaranse sempre produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.
- Cando non se poda garantir a distancia de seguridade, farase uso da máscara hixiénica ou cirúrxica.
- Ventilarase con máis frecuencia, polo menos durante 5 minutos. Neste senso, as portas das tendas permanecerán abertas durante todo o horario de apertura.
- Os panos desbotables que o persoal empregue para o secado de mans, para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” e as labores de desinfección serán desbotados en papeleiras accionadas por pedal.
- Colocaranse contedores con tapa, pedal e bolsa recambiable nos accesos ao comercio para uso público.

**RECORDA QUE AS 3 MEDIDAS MÁIS EFECTIVAS QUE SE COÑECEN A DÍA DE HOXE SON;**

**DISTANCIA DE SEGURIDADE**



**LAVADO DE MANS**



**NON TOCAR A CARA**



## REDISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS COMERCIAIS

